






**as miñas, nosas,  
outras aves**



Esta terceira parte do traballo recolle as outras aves -unhas familiares e outras máis raras, escasas e/ou fuxidías- das que, en moitos casos, non foi posible conseguir imaxes.



**Miñato real** (*Milvus milvus*).  
Mide de 60 a 72 cm. Vese no  
verán en zonas abertas con  
árbores. É escaso.







**Miñato queimado** (*Milvus migrans*).  
Mide de 48 a 58 cm. So nos visita no  
verán, e vese en zonas arboradas  
preto de ríos e encoros.








**Voitre** (*Gyps fulvus*).

Mide de 95 a 110 cm. Vese, non moitos, en montañas con penedías.




**Agua albela** ou **agua cobregueira**  
(*Circaetus gallicus*).

Mide de 62 a 68 cm. Vese, escasa e  
so no verán, en áreas boscosas con  
cultivos, prados ou mato.








**Tartaraña cincenta** (*Circus pygargus*).  
Mide de 40 a 50 cm. Vese, no verán, en  
zonas abertas de monte baixo.







**Gatafornela (*Circus cyaneus*).**

Mide de 45 a 52 cm. Pódese ver no verán, en espazos abertos de monte baixo en alturas medias, aínda que é pouco común.



Femia



**Azor** (*Acipiter gentilis*).  
Mide de 50 a 56 cm.  
Atópase, aínda que non é  
común, en arboredos.








**Gabián** (*Accipiter nissus*).  
Mide entre 40 e 50 cm. Atópase,  
sen ser común, en áreas forestais.








**Miñato** (*Buteo buteo*).  
Mide de 45 a 58 cm. É a ave de  
rapiña máis común en Galiza.  
Vese voar en espazos abertos  
preto de arboredos.






**Aguia real** (*Aquila chrysaetus*).  
Mide de 80 a 95 cm. Vese, moi  
escasa, en áreas de montaña con  
rochedos.







### **Aguia perdiceira**

(*Hieraaetus fasciatus*).

Mide de 65 a 73 cm. En Galiza é moi rara e vese, so no verán, en espazos abertos das montañas do sur e do leste de Ourense.





### **Lagarteiro peneireiro**

(*Falco tinnunculus*).

Mide de 32 a 37 cm. Vese, cada día menos, voar en espazos abertos con árbores ou penedos, e en cantís.



Femia





**Esmerillón (*Falco columbarius*).**


Mide de 25 a 33 cm. En Galiza é invernante, pouco común, e vese en espazos abertos litorais e do interior.






**Falcón pequeno** (*Falco subbuteo*).

Vese, escaso, no verán en campo aberto con arbores.







**Falcón peregrino** (*Falco peregrinus*).  
Mide de 38 a 48 cm. Atópase en  
campo aberto con penedías, en  
edificios e en cantís costeiros. Non é  
moi común.



Abaixo, xuvenil nun cantil  
de Fisterra.







**Pita do monte** (*Tetrao urogallus*).  
Mide entre 74 e 90 cm.  
Actualmente so se ve algún  
visitante ocasional nos Ancares.



Femia, nun centro de exhibición






Polo agochado entre a herba

**Perdiz rubia (*Alectorix rufa*).**

Mide de 32 a 35 cm. Atópase en zonas de monte baixo e cultivos. Algunhas das residentes son sobrevivintes e descendentes de soltas feitas por asociacións de cazadores.








**Perdiz charrela (*Perdix perdix*).**

Mide de 28 a 32 cm. So se atopa nas alturas das serras do leste de Galiza, onde é pouco común e está en risco de desaparecer.





**Paspallás** (*Coturnix coturnix*).  
Mide de 16 a 18 cm. Foi común,  
mais cada día vese menos.  
Atópase, maiormente no verán,  
en cultivos, pasteiros e ermos  
solleiros.









**Faisán** (*Phasianus colchicus*).

As femias miden de 50 a 70 cm e os machos uns 20 cm máis. Atópanse en cultivos e monte baixo con arboredos. Todos os exemplares son sobrevivintes, ou descendentes, de animais que soltaron asociacións de cazadores.








**Pomba brava** (*Columba livia*).  
Mide de 30 a 35 cm. Escasa e moi localizada. Atópase principalmente en penedías, cantís e edificios.








**Pomba zura** (*Columba oenas*).  
Mide de 28 a 32 cm. Atópase, aínda que é pouco común, habitualmente, en fragas.








**Torcaza, Pombo** (*Columba palumbus*).  
Mide de 38 a 43 cm. Atópase en  
arboredos, cultivos, parques e xardíns,  
onde se ve cada día en maior número.






**Rula** (*Streptopelia turtur*).

Mide de 25 a 27 cm. É visitante de verán cada día menos común.

Atópase en arboredos, cultivos e monte baixo.








**Rula turca** (*Streptopelia decaocto*).  
Mide de 31 a 34 cm. Chegou a Galiza  
na década de 1970. e desde aquela  
está en aumento. Atópase en parques  
e xardíns, e cultivos próximos ás casas.








**Cuco** (*Cuculus canorus*).  
Mide de 32 a 36 cm. Visítanos no  
verán chegando a ser case  
común. Atópase en cultivos e  
monte baixo preto de arboredos  
e beiras de bosques.





Arriba un xuvenil e, á esquerda, un adulto





**Cuco papudo** (*Clamator glandarius*).  
Mide de 35 a 39 cm. É visitante de verán,  
escaso, que se pode atopar en áreas abertas  
con árbores espalladas.






**Curuxa (*Tyto alba*).**

Mide de 33 a 39 cm. É común en núcleos habitados, e nos cultivos e zonas abertas que os circundan.







**Bufo real** (*Bubo bubo*).

Mide de 60 a 70 cm. En Galiza é moi raro e so se atopa en bosques mestos con penedías.







**Moucho** (*Athene noctua*).

Mide de 23 a 27 cm. É cada día menos común. Atópase en espazos abertos, cultivos, ermos e lindes, con valos ou pedreiras.








**Moucho de orelas (*Otus scops*).**

Mide de 19 a 21 cm. É visitante de verán pouco común que se pode atopar en parques e espazos abertos, cultivos e arboredas.







**Avelaiona** (*Strix aluco*).  
Mide de 37 a 43 cm. É común en bosques  
con árbores vellas.








### **Avenoiteira cincenta**

(*Caprimulgus europaeus*).

Mide de 24 a 28 cm. É visitante de verán bastante frecuente, que se pode atopar en piñeirais con espazos abertos.








**Xirrio** (*Apus apus*).

Mide de 16 a 18 cm. É visitante de verán, común, que se pode ver voando en espazos abertos e arredor de edificios grandes




**Abellaruco** (*Merops apiaster*).

Mide de 25 a 29 cm. É visitante de verán en zonas do sueste de Ourense, onde se pode ver en espazos abertos.








**Bubela** (*Upupa epops*).

Mide de 25 a 29 cm. So está con nós no verán e vese en espazos abertos e cultivos.







**Peto verdeal** (*Picus viridis*).  
Mide de 30 a 36 cm. É habitual a  
súa presenza en bosques e  
espazos abertos con árbores.



Arriba un exemplar novo e, á dereita, un adulto








**Peto real** (*Dendrocopos major*).  
Mide de 23 a 26 cm. Ten presenza  
habitual en bosques e arboredas.







**Cotorra** (*Myopsita monachus*).  
Mide de 28 a 31 cm. Atópase,  
formando colonias, en árbores  
de áreas urbanas e os seus  
arredores.







Montaxe e debuxos: Mon Daporta  
Fotos: Mon Daporta e Adela Leiro  
Agosto 2026